

## **1. Acabamos coa ditadura, pero aínda quedan restos do franquismo**

### ***1.1. Francisco Franco Caudillo de España por la Gracia de Dios.***

A ditadura de Franco (o seu nome era Francisco Paulino Hermenegildo Teódulo Franco Bahamonde) foi cualificada pola ONU en 1946 como un réxime ao mesmo nivel que os de Hitler e Mussolini. Nas moedas daquela época figuraba: «Francisco Franco Caudillo de España por G. [gracia] de Dios». O meu irmán Julio, que é moi malo niso dos chistes, contaba este unha e mil veces: sacaba unha moeda de 1957 e dicía, sinalando a aguia do escudo fascista, ala corta, ala larga [unha á era máis longa ca outra]; despois daba a volta á moeda e, sinalando a cara de Franco, dicía: «¡a la mierda!» Remataba a xogada dicindo: «Francisco Franco Caudillo de España, más gracioso que Dios». Xa en maio de 2017, recibo este *whatsapp* que mellora moito o de meu irmán: «Franco gobernó por la gracia de Dios. Juan Carlos por la gracia de Franco. Rajoy por la gracia nuestra y esto ya no tiene puta gracia».

Independentemente dos chistes, creo que a esa inscrición que figuraba nas moedas habería que engadir: «e pola axuda da xerarquía da igrexa católica», porque, aínda que non aparece nos libros de texto que estudan nos centros de ensino, a Igrexa Católica bendiciu desde o primeiro momento a sublevación militar e fascista do 18 de xullo de 1936 contra o goberno democrático e lexítimo da República –coñecida, oficialmente, como «Alzamiento Nacional»–, que foi cualificada polos bispos como «Cruzada Santa y Justa por la Religión», participando, en moitos casos, na represión. O cardeal Gomá sostiña, daquela, que esa sublevación foi providencial e así llo fixo chegar a Eugenio Pacelli, secretario de Estado do Vaticano, que despois foi elixido Papa. Pacelli asinou un Concordato con Hitler e con posterioridade, xa como Pío XII, asinou o Concordato con Franco en 1953. Por outra parte, o cardeal Gomá, arcebispo de Toledo e Primado de España, animaba ao uso das armas, cunha mensaxe moi pouco cristiá: «No es posible otra pacificación que por las armas, es conveniente extirpar toda la podredumbre de la legislación laica».

A Igrexa Católica implicouse desde o primeiro momento, como institución, a favor dos golpistas, como recollía a Carta Colectiva do Episcopado Español de 1 de xullo de 1937, que xustificaba a sublevación contra a República e cualificaba a contenda como guerra de relixións: «La cruzada que se ha levantado contra ellos es patriótica sí, muy patriótica, pero fundamentalmente una cruzada religiosa, del mismo tipo que las cruzadas de la Edad Media, pues ahora como entonces se lucha por la fe de Cristo y por la libertad de los pueblos. ¡Dios lo quiere! ¡Santiago y cierra España!»

(publicado no Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago, BOAS, de 31-8-1936). Esta Carta, redactada polo cardeal Gomá, fíxose pública a petición de Franco para deixar claro a nivel internacional que a Igrexa Católica apoiaba a Franco e ao «bando nacional». Foi asinada por 43 bispos e 5 vicarios capitulares. Negáronse a asinar: Juan Torres y Ribas, bispo de Menorca; cardeal Pedro Segura y Sáenz; Javier Irastorza Loinaz, bispo de Orihuela-Alicante; Mateo Múgica Urrestarazu, bispo de Vitoria e o arcebispo de Tarragona, cardeal Vidal i Barraquer.

A subordinación da relixión ao españolismo e á nova orde fascista chega a tal extremo que a xerarquía católica acepta submisamente a imposición de Serrano Suñer en 1939 para que os cregos non prediquen en galego, catalán e vasco, ou o decreto que impedía bautizar con nomes nesas linguas. Ramón Otero Pedrayo xa informara ao Vati-

*1 Este é o deus dos fascistas de Xoán Carlos Garrido, no libro colectivo Os nomes do terror, Sermos Galiza 2017.*

cano en xullo de 1934, con pouco éxito, que os máximos responsábeis da xerarquía católica eran persoas de fóra que descoñecían a nosa lingua e cultura.

### ***1.1.1. A xerarquía da igrexa católica bendiciu a sublevación militar fascista de 1936***

A actitude da xerarquía católica caracterízase pola súa falta de humanidade e firme compromiso coas autoridades fascistas e promulga normas para que non se expidan certificados de boa conduta por parte dos cregos aos afiliados a «sociedades marxistas» (así eran consideradas, practicamente, todos os sindicatos, partidos, asociacións, cooperativas etc), sabendo que isto podía salvar moitas vidas. Así, Tomás Muñiz de Pablos, arcebispo de Santiago de Compostela, publicaba a seguinte instrucción: «Abasténganse, pues, los párrocos de dar certificados de buena conducta religiosa a los afiliados a sociedades marxistas por el tiempo que estuvieron afiliados o en concomitancia con tales sociedades que son anticristianas; y aun de los demás, tampoco expidan certificados, si éstos han de surtir efecto ante las autoridades civiles o militares, esperando ellos, los párrocos, que las mismas autoridades se los pidan de palabra o por escrito; y entonces certificarán en conciencia, sin miramiento alguno, sin atender a consideraciones humanas de ninguna clase» (BOAS de 18-9-1936).

O conde de Valpellano (Fernando Suárez Tangil y de Ángulo, alcalde de Madrid na ditadura de Primo de Rivera, ministro de Obras Públicas 1951-1957 e presidente do Consello de Estado en 1958) explicaba en decembro de 1936 na conmemoración da Translación (traslado a Compostela do corpo de Santiago, despois da súa decapitación en Palestina), por que estaba en Compostela: «Prometí que

cuando Madrid quedase limpio de esas, más que hordas de bárbaros modernos, manadas de bestias apocalípticas, o espíritus satánicos encarnados en criaturas infrahumanas, acompañado de cuantos quisieran seguirme, emprendería a pie una peregrinación a vuestra santa basílica catedral, a postrarme a vuestras plantas para agradeceros habernos ayudado a encontrar a nuestra España, limpia de toda mala raza de judíos, masones y marxistas». (BOAS, 15-1-1937). É difícil atopar documentación escrita sobre a implicación de centos de cregos na represión e asasinatos (non levantaban acta da súa participación nas reunións para sinalar os paseados e organizar os crimes), pero si hai numerosos testemuños escritos e orais que denuncian estas criminais actuacións. Por outra parte, e para facilitar a delación, enviábase un formulario para que os cregos denunciasen os actos contra a relixión «para hacer las correspondientes reclamaciones ante las autoridades civiles» (BOAS, 31-8-1936). José Toubes Pego, párroco da igrexa de San Pedro de Mezonzo na Coruña e que aínda ten unha rúa nesta cidade, destacou na represión e os paseos, como recolle Antón Patiño Regueira: «Quen protexeu as pistolas que usaron máis de tres anos o covarde Martín Viéitez e o Mosquera de Arteixo? Quen forneceu de balas aos irmáns Mariño e ao panadeiro da Falperra, Porfirio Díez Hernández? Eles eran os axudantes privilexiados do cura paseador Toubes». No caso do asasinato de Manuel Diz Fuentes en Cea (concello de Vilagarcía) está sinalado José Gago Tarrío, crego desta parroquia. Rogelio Diz Rubianes<sup>3</sup>, sobriño da vítima, narra así o que escoitou da boca do seu pai: «Le cortaron los testículos y se los metieron en la boca y para cerrar con broche de oro lo enterraron en los escalones que dan a la entrada de la iglesia de la misma parroquia para que todo el mundo pisara su tumba». É doado deducir a intervención deste crego para facilitar que se utilizasen lousas da entrada na igrexa para desfacerse do cadáver.

*2 Memoria de Ferro. Editorial A Nosa Terra, 2005.*

*3 DIZ RUBIANES, ROGELIO: Memorias, pensamientos y versos. Puebla (México), 2001.*

Gago Tarrío presentouse como voluntario na lexión galega, participando no asalto ao monte de Santa Bárbara en San Sebastián, sendo felicitado. Outras fontes sinalan que participou no asasinato dun alcalde. Como recollían as crónicas<sup>4</sup>: «Trae el Sr. Gago como trofeo, y del cual dice no se separará jamás, el bastón que llevaba el alcalde socialista de Urrieta [concello de Kuartango-Álava], primer pueblo en que entró la legión gallega». Tamén é sinalado Manuel Dovals, crego de Tremoedo (Vilanova de Arousa), como participante das malleiras da Guardia Cívica na zona (era o propio crego quen estaba á fronte desta organización paramilitar). Ademais, varias testemuñas afirman que oírán dicir ao cura durante a misa: «Que pagasen todos la limosna de ánimas, pues el que se demorase en el pago de la misma

sería requerido para ello por los guardias cívicos».

A historiadora Cilia Torna<sup>6</sup> fala de Emilio Álvarez Martínez (coñecido como «O Reisiño» polas súa proximidade ao rei Alfonso XIII) como «un cura de pistola ao cinto. Estaba feito da mesma madeira que José Toubes, párroco de San Pedro de Mezonzo, fundador de *El Ideal Gallego* e terrorista naquela Coruña de 1936». Hernán Quijano (pseudónimo que se atribúe a Luís Seoane) dicía isto de «O Reisiño» en *Galicia mártir, Episodios del terror blanco*: «Personaxe importantísimo do falanxismo en Vigo, crego moi coñecido, daqueles que deciden sobre a vida e a morte dos cidadáns vigueses... é un tipo cativo, enxoito de movementos lixeiros e dunha crueldade feroz. Home sen ningún escrúpulo moral, entregado a todos os vicios e aberracións, preside unha agrupación da mocidade intitulada Martín Codax, en que formou un cadro de declamación que serve unicamente para os seus manexos a prol do fascismo e das súas prefe-

**4 Galicia Nueva de 5-10-1936. Vilagarcía.**

**5 Sobre curas e cívicos no libro de Xosé Álvarez Castro *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936-1939)*. Edicións Xerais, 2013.**

**6 *sermosgaliza.gal*, 26-1-2018.**

rencias persoais» Sinala tamén outros cregos implicados na represión: Enrique López Galuá en Ribadeo e Luciano de Uriarte en Ferrol.

Sol López Barrajón<sup>7</sup> fala dos insultos e malos tratos no campo de concentración da illa de San Simón (Pontevedra), «propinados por un hombre de Dios: el padre Nieto, un jesuita vigués que oficiaba la misa con su pistolón al cinto, era el encargado de dar el tiro de gracia. Según recogen los comentarios de algunos presos que quedaron vivos, este jesuita llegó a machacar la cabeza con un enorme crucifijo a un preso que estaba a punto de ser fusilado. El motivo, no quiso confesarse».

Noutros casos, hai cregos que participan na elaboración de listas de persoas para unha especie de mafia, que podía pedir un rescate a cambio de salvar a vida. Os cregos eran os encargados en cada parroquia de elaboraren esa especie de «padrón» dos roxos para recadar os cartos. Jesús Rodríguez Allo, crego de Castro (Cerdedo), elaborou unha destas listas negras, enviando un oficio ao Delegado de Orde Pública de Pontevedra (o 29 de maio de 1938), no que sinalaba a quen había que «vigilar» ou «eliminar», segundo a documentación presentada polo historiador Dionisio Pereira.

Houbo tamén casos de cregos que fixeron todo o posíbel para salvar a vida dos seus veciños e outros que foron represaliados por defenderen a orde constitucional da República, como veremos nun próximo apartado.

A sentenza da causa 224/37, que condenaba a morte ao alcalde da Estrada e dous concelleiros, pedía que se actuase contra dous cregos: «Que el consejo llama respetuosamente la atención de la autoridad judicial sobre la conducta observada por los testigos don Nicolás Mato Varela y don Manuel

Pérez Gómez, curas párrocos respectivos de Ouzande y Guimarey, del partido judicial de La Estrada, por manifestar

*7 Reportaxe «San Simón: la isla de la muerte», en publico.es, de 25-10-2016*

ante el consejo en forma reiterada que a pesar de los informes del Delegado de Orden Público y de la Guardia Civil, respecto a varios de los procesados, calificados por aquellas autoridades como marxistas y actuantes en los sucesos revolucionarios, eran considerados por los dos testigos referidos como sujetos de buena conducta».

Remata Xoán Carlos Garrido o seu traballo falando de *O botín de sangue*: «A igrexa goza hoxe no Estado español dun status que non é explicábel sen o seu triunfo na “guerra santa” que libraron. Como todos os beneficiados do franquismo que aínda viven de rendas da súa vitoria, non queren recoñecer a orixe dos seus privilexios. Cando miran ao pasado, como fixo coas beatificacións das súas vítimas na guerra que eles promoveron, non é para recoñecer ningún dos seus erros e confesar os seus pecados. Pode ser comprensíbel que non queiran lembrar algo do que non se sintan orgullosos, mais resulta sospeitoso que non se lembren daqueles cegos que se negaron a colaborar nas matanzas e mesmo foron vítimas da represión por poñerse do bando dos oprimidos».

Franco entraba baixo palio nas igrexas, acompañado dunha xerarquía católica que facía o saúdo fascista. No funeral, o 23 de novembro de 1975, despois da morte do ditador, o cardeal Primado de España e arcebispo de Toledo, Marcelo González Martín, falaba da «civilización cristina a la que quiso servir Franco». Está documentada a participación de numerosas relixiosas e relixiosos católicos no roubo de miles de nenas e nenos aos seus pais polo franquismo. Cando morre Franco, o presidente do Goberno, Carlos Arias Navarro, presentaba o ditador como «Hijo fiel de la Iglesia».

A xerarquía católica foi da man dos vencedores e o mesmo día que estes anunciaban o fin da guerra («Cautivo y desarmado el ejército rojo»), o 1 de abril de 1939, o bispo de Madrid, Leopoldo Eijo y Garay, publicaba a pastoral «La Hora presente», na que dicía: «A la sombra de la bendita gualda y roja, que nos legaron nuestros padres, y al amparo de nuestros heroicos soldados y milicias voluntarias, gozad de la paz, que, con tanto anhelo, con tantas vivas ansias, os hemos deseado y hemos pedido a Dios por vosotros». O cardeal Isidro Gomá non quedaba atrás e desde Pamplona o 3 de abril de 1939 saudaba o triunfo dos sublevados contra a República e deixaba claro que el sempre estivo colaborando con Franco: «Con qué interés me uní desde el comienzo a sus afanes; cómo colaboré con mis pobres fuerzas y dentro de mis atribuciones de Prelado de la Iglesia a la gran empresa».

Mentres os vencidos quedaron abandonados en cemiterios, cunetas e fosas comúns, os «Mártires da Cruzada» foron

homenaxeados, entre eles os case sete mil membros do clero que foron asasinados. Un decreto da Xefatura do Estado de 16 de novembro de 1938 proclamaba «Día de luto nacional» o 20 de novembro, en memoria de José Antonio Primo e Rivera, e establecía, «previo acordo coas autoridades eclesiásticas», que «en los muros de cada parroquia figurará una inscripción que contenga los nombres de los Caídos, ya en la presente Cruzada, ya víctimas de la revolución marxista». Como sinala Julián Casanovas:

La mezcla de símbolos fascistas y religiosos condujo durante un tiempo a la “fascistización” de lo sagrado y a la sacralización de la política fascista, hasta que, derrotadas las potencias del Eje en la Segunda Guerra Mundial, la iglesia y su discurso nacional católico acabaron imponiéndose... La iglesia y la religión católica lo inundaron todo: la enseñanza, las costumbres, la Administración y los centros de poder. Los ritos y las manifestaciones litúrgicas, las procesiones y las misas de campaña llenaron las calles de pueblos y ciudades, conviviendo con el saludo romano, llamado “nacional” en vez de fascista, el canto del “Cara al sol” y el culto al jefe,

*8 La dictadura que salió de la guerra, de Julián Casanovas, no libro colectivo 40 años con Franco. Crítica-Planeta, 2015.*

cuyo rostro se recordaba en las monedas con la leyenda “Caudillo de España por la gracia de Dios”.

A Igrexa Católica non só bendiciu a sublevación fascista como «Cruzada», senón que a xerarquía católica cualificaba a Franco como «defensor de la fé» e «hombre providencial». Así, Manuel de Castro Alonso, arcebispo de Burgos, dicía a Franco o 1 de outubro de 1938: «En el momento en que la locura parecía empeñada en perder a España, surgís por designio providencial para hacer la salvación de las almas». Mauro Gómez Pereira, abade de Samos, cualificaba a Franco o 26 de agosto de 1943 como «Defensor de la Fe». E Isaac María Toribios Ramos, abade mitrado de Santo Domingo de Silos, declaraba o 8 de agosto de 1946 que «Franco es el hombre providencial, que no sólomente ha salvado a España, sino que constituye el asidero de la garantía moral de Europa». Por outra parte, Pilar Primo de Rivera chegou a describir a Franco como «nuestro señor en la tierra», no seu discurso do 18 de abril de 1944, como xefa nacional, no oitavo congreso da Sección Feminina de Falanxe celebrado no mosteiro de Guadalupe.

Enrique Pla y Daniel<sup>10</sup> tomaba posesión da sé episcopal de Salamanca en 1935 e xogou un papel fundamental no apoio á sublevación do 18 de xullo de 1936. Na súa carta pastoral «Las dos ciudades» xustificaba a guerra porque era «necesaria», un combate entre a «ciudad celeste» de «los hijos de Dios» e a «ciudad terrena» dos comunistas e dos anarquistas, os «sin Dios». Tratábase dunha «cruzada por la religión, por la patria y por la civilización». Xa en 1939, publicaba a pastoral «El triunfo de la ciudad de Dios y la Resurrección de España», que xustificaba a violencia da guerra e a represión masiva como unha «operación quirúrgica en el cuerpo

9 Franco: mitos, mentiras y manipulaciones, de Paul Preston no libro colectivo 40 años con Franco.

10 Los actores, de Carlos Gil Andrés no libro colectivo 40 años con Franco.

social de España». Deixaba tamén moi clara a importancia da relixión en todos os centros de ensino: «La verdadera y definitiva resurrección de España depende principalmente de la educación de la niñez y juventud con espíritu cristiano y patriótico en todos los grados de enseñanza, desde las escuelas primarias a la Universidad».

Todo o aparato da Igrexa Católica xogou un importante papel nas campañas de «purificación» dos esquerdistas e para que coñecesen os «sabios preceptos de nuestra Religión». O cuartel xeral de Franco emitía unhas instrucións reservadas para coordinar a ocupación de localidades e o control da poboación civil. As unidades de policía secreta de cada división, compostas con veciños da zona, remitían semanalmente os datos ao Servizo de Información Militar en Burgos, para organizar un «ficheiro de criminalidade» por vilas e provincias. As instrucións eran moi claras<sup>11</sup>: «Los pueblos cercanos a la primera línea, especialmente los que han sido rojos y pasan a ser ocupados por nosotros, deben ser objeto de una vigilancia especial, lo mismo hombres que mujeres y niños».

Os concellos próximos á fronte do norte recibían o seguinte oficio da Delegación de Orde Pública sobre «Conducta que han de seguir los elementos de izquierda en la jurisdicción de esta delegación». Cada concello debía remitir «el total de individuos de izquierda que hay en la localidad incluyendo los nacionalistas con sus nombres, apellidos y número de familia que tiene, así como la edad de esta, en cuya relación se harían las indicaciones que estime pertinente el alcalde para mayor ilustración por mi parte, de antecedentes políticos de izquierdistas de su localidad»

<sup>11</sup> «Instrucciones para la Policía Secreta», *Cuerpo de Ejército de Madrid, diciembre de 1936-enero de 1937. AGMAV, carp. 14480, leg. 30/5. Recollido no libro de Gutmaro Gómez Bravo, Geografía humana de la represión franquista. Del Golpe a la Guerra de ocupación (1936-1941). Editorial Cátedra, 2017.*

As instrucións indicaban tamén o «labor que ha de desarrollarse en pro de la salvación de las almas de los izquierdistas y para su regeneración patriótica», contando sempre coa colaboración da Igrexa Católica:

Serán avisados para que a determinada hora estén en un local donde les dirigirá la palabra el Sr. Párroco, un representante del Ayuntamiento, un representante de las milicias en nombre de todos, y el resumen de todo lo expuesto será hecho por el Delegado que suscribe, el que a la vez señalará a todos la marcha que han de seguir para ingresar en la España que se está saturando por la sangre de nuestros mártires y el arrojado de nuestros héroes, pues sería inútil pretender pertenecer a nuestra España sin haber pasado por

el crisol de purificación y conocer los sabios preceptos de nuestra Religión y nuestro patriotismo.

A participación da Igrexa Católica na represión está a recibir a condena de amplos sectores da sociedade e de distintas institucións. Así, o Pleno do Parlamento de Navarra de 10 de marzo de 2003, presidido polo socialista José Luis Castejón Garrués, aprobaba unha lembranza, recoñecemento e reparación moral das persoas fusiladas e represaliadas (máis de 3.000 en Navarra) pola súa afinidade coa República ou, simplemente, polas súas ideas. Esta solemne declaración do Parlamento navarro lembraba que «Estos actos criminales se levaron a cabo no sólo con el beneplácito de la jerarquía eclesiástica de la Iglesia Católica, manifestada públicamente a favor del llamado “Alzamiento”, sino en algunos casos con su participación directa».

Con todos estes datos, o autor deste libro, como presidente da Comisión Pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, enviaba o 7 de xaneiro de 2011 unha carta a Antonio María Rouco Varela, presidente, daquela, da Conferencia Episcopal Española, solicitando un cambio de rumbo na actitude da xerarquía da Igrexa Católica respecto do franquismo: «É hora de que a Igrexa Católica pida publicamente perdón pola súa participación nestes crimes contra a humanidade e polo seu gravísimo pecado de soste durante anos a unha ditadura fascista». Non tivemos contestación.

O Vaticano aínda non retirou a Franco a *Suprema Orden Ecuestre de la Milicia de Nuestro Señor Jesucristo*, unha distinción que premiaba os “singularísimos servicios” prestados á igrexa, que foi concedida en 1953 por Pío XII despois da sinatura do Concordato entre España e a Santa Sede.

Por outra parte, a Igrexa Católica négase a cumprir a Lei de Memoria Histórica e mantén unha negativa para retirar a simboloxía franquista<sup>12</sup>. Despois de 15 denuncias contra bispos e arcebispos, só cinco manifestaron a súa intención de cumprir a lei. A basílica da Macarena de Sevilla mantén os restos dun criminal como o xeneral franquista Queipo de Llano, e na fachada da catedral de Cuenca continúan eses símbolos a pesar dunha sentenza firme.